



XUNTA
DE GALICIA

INSTITUTO EDUCACIÓN
SECUNDARIA
ANTÓN ALONSO RÍOS



UNIÓN EUROPEA

FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE invirte no teu futuro"

PLAN ANUAL. CURSO: 2024-25

IES ANTÓN ALONSO RÍOS



ÍNDICE DE CONTIDOS

1. Situación de partida. Páx. 2
2. Obxectivos xerais. Páx. 3
3. Plans e liñas de actuación. Páx. 5

1. Situación de partida

O plan anual constitúe a folia de ruta para o curso 2024-25, así, neste documento concrétanse os obxectivos xerais e os plans e liñas de actuación prioritarios xunto coas persoas e equipos responsables e os recursos dos que dispón o centro para a súa realización. Cabe ter en conta que para a redacción deste plan tomouse como referencia o proxecto de dirección aprobado para a súa execución durante o periodo comprendido entre o 2023 e o 2027. Neste proxecto estableceranse obxectivos e plans de actuación para catro anos, de modo que neste documento defínense os establecidos para o segundo ano da dirección.

Para entender o sentido dos obxectivos é necesario tomar como referencia a análise DAFO que tamén está presente no proxecto de dirección e sobre o que procede realizar algunha modificación:

Debilidades
Necesidade dunha revisión da metodoloxía co fin de promover un proceso de ensino-aprendizaxe no que a adquisición de competencias e o incremento da capacidade analítica, de expresión de ideas e de sentimento crítico sexan esenciais.
Certa desmotivación entre o alumnado e empeoramento significativo dos resultados académicos entre o alumnado do Ciclo Medio de Instalacións e Telecomunicacións.
Aumento do alumnado con NEAE, a maior parte debido á condición persoal e historia escolar, xa que contan cun ambiente sociofamiliar pouco enriquecedor.
Aumento do número de casos de estrés, depresión e ansiedade entre o noso alumnado.
Falta de implicación das familias nos proxectos educativos do centro.
<i>Incremento progresivo da carga de traballo e de xestión entre o profesorado titor.</i>
<i>Concentración de tarefas e responsabilidades nun pequeno grupo de docentes.</i>
Fortalezas
Alumnado con gran creatividade artística e musical, polo que son moitos/as os que se implican en actividades extracurriculares.
A maior parte do profesorado é consciente das limitacións da contorna para o alumnado e tenta adaptar as súas metodoloxías e dinámicas ás mesmas.
Gran implicación por parte do profesorado-titor en relación á situación persoal de cada un dos seus titorandos e titorandas.
Salientable implicación e involucración do equipo directivo e do departamento de orientación co alumnado que presenta NEAE, especialmente para que teñan unha real igualdade de oportunidades.
Boa coordinación docente tanto por niveis educativos como entre departamentos, mediante a elaboración dun proxecto interdisciplinar cada curso académico e a celebración dun Congreso Científico que xa vai pola súa segunda edición.
Relación de cercanía entre o profesorado e o alumnado.
O alumnado é a principal fortaleza do centro, pola súa implicación nos proxectos que se desenvolven, pola súa conduta e pola vinculación co profesorado.
Boas infraestruturas no ámbito das TIC's.
Ameazas
Existencia de alumnado NEAE que, por desmotivación, por falta de traballo, pola falta de implicación das familias ou a falta de recursos do centro, non chegan a rematar a ESO ou acaban abandonando o centro para entrar no mundo laboral a idades moi temperás.
Recortes por parte das administracións no que a docentes respecta e recursos humanos para a atención específica do alumnado con necesidades.

Alta porcentaxe de profesorado itinerante, o que pon en perigo a consolidación definitiva dun modelo de ensinanza baseada en proxectos.

Debido á dispersión da poboación, non se poden levar a cabo actividades extracurriculares polas tardes, xa que o alumnado e as familias non poden desprazarse ata o centro.

Baixa demanda no Ciclo Medio de Instalacións e Telecomunicacións.

Oportunidades

Consolidación dun sector do equipo docente motivado e en formación constante en novas dinámicas educativas que quere camiñar cara a un novo modelo educativo no que os proxectos e a innovación ocupen un lugar relevante.

Nos próximos cursos levarase a cabo a ampliación do centro coa que se pretende a creación de novos espazos que fomenten a interdisciplinabilidade e a incorporación de novas iniciativas didácticas que fomenten a motivación e faciliten a adquisición de aprendizaxes significativas entre o noso alumnado.

Participación en diversos programas da Consellería: Contratos-Programa, Plan Proxecta e Aulas de Emprendemento.

2. Obxectivos xerais

Unha vez definidos os elementos do DAFO, e atendendo de maneira particular ás debilidades e ás ameazas, hai unha serie de áreas de mellora que resultan prioritarias, e que se configuran como elementos de partida para a definición dos obxectivos xerais:

1. Establecer liñas de actuación que permitan fomentar a mellora dos resultados académicos a partir de cambios nas liñas metodolóxicas.
2. Procurar a mellora das aprendizaxes e a atención educativa do alumnado que presenta necesidades educativas.
3. Velar pola existencia dun espazo de igualdade no que sexa visible a concienciación e a prevención da violencia de xénero nas súas múltiples dimensións.
4. Mellorar a imaxe corporativa do centro e os medios de comunicación e difusión da vida do centro e a *comunicación interna*¹.
5. Fomentar a educación emocional como parte esencial a ter en conta no proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado.
6. Dinamizar e aumentar a presenza e a visibilización do centro do Ciclo Medio de Electrónica.

Asemade, e unha vez avaliados os diagnósticos dos problemas e as propostas de solucións elaboradas na Memoria Final Anual do curso 2023-24, cabe ampliar os obxectivos definidos e concretar novas actuacións que inicialmente non estaban contempladas.

En primeiro lugar, segue ocupando un lugar especial a **avaliación das metodoloxías e dos resultados académicos** do alumnado nos niveis da ESO, de Bacharelato e dos Graos de Formación Profesional. Despois de definir unha serie de instrumentos de análise, e vistos os resultados das probas diagnósticas de 2ºESO, buscarase centrar os esforzos na valoración e definición de actuacións de mellora competencial do conxunto do alumnado. Reitérase que convén modificar o foco de atención dunha

¹ Obxectivo anteriormente expresado como: Mellorar a imaxe corporativa do centro e os medios de comunicación e difusión da vida do centro.

educación memorística cara unha onde a capacidade crítica e de análise sexa esencial. Non se trata de desterrar a memorización comprensiva ou as probas escritas como instrumentos de avaliación, pero si modificar as metodoloxías e a didáctica cara dinámicas máis reflexivas e colaborativas. Cabe ter en conta neste punto, a necesidade de **mellorar as estratexias para a atención á diversidade**, maximizando na medida do posible os recursos do centro -humanos e materiais- e, ao mesmo tempo, facilitando a circulación de información do alumnado NEE entre o profesorado co fin de definir desde o principio medidas preventivas, xunto co seguimento ao longo do curso das medidas aplicadas e da evolución deste alumnado.

O profesorado continuará sendo un motor esencial nestas áreas de mellora que se acaban de describir, é por iso que a **formación do profesorado** deberá de preparalos para atender estes retos. Ben é certo que a pesar de ser un obxectivo, non figura a "mellora da formación do profesorado" como obxectivo xeral, si que se definen diversas liñas de actuación que se relacionan de maneira específica coa mellora da formación do profesorado en diversos ámbitos: novas metodoloxías, competencia dixital e educación emocional.

Outro dos ámbitos que continúa sendo susceptible de mellora é a **comunicación** e os medios que emprega o centro para difundir o seu labor e as súas actividades. A este respecto prodúcese unha actualización da páxina web do centro, así como unha maior regularidade e diversidade da información ofrecida ás familias a través deste medio. Así mesmo, explorárase a posibilidade de diversificar as redes sociais do centro, mantendo as existentes, pero buscando novas aplicacións para chegar a un público máis amplo dentro e fóra da comunidade educativa. Unida a esta cuestión está a **mellora da comunicación coas familias**, coas que hai que establecer lazos máis estreitos facilitando o traslado de información e promovendo a súa participación nas actividades do centro, de aí que varias das liñas de actuación vaian neste sentido. Neste ámbito, o trasvase de información coas familias de alumnado NEAE será unha prioridade.

Por outra banda, neste curso continuarase coa **actualización dos plans, proxectos e documentos do centro** en función das directrices establecidas pola administración así como a xeración de estruturas de funcionamento. Moitas das sinerxias xeradas no centro dependían dun pequeno equipo de persoas que, no seu bo facer e implicación, acumulaban un importante número de atribucións e funcións. De aí nace a necesidade de construír estruturas de funcionamento que permitan o mantemento de modelos de dinamismo e de funcionamento de longa duración, un aspecto a fortalecer se tamén se ten en conta a elevada mobilidade da plantilla do centro. Deste xeito, plantexárase a redistribución de tarefas e responsabilidades entre un maior número de docentes e cargos, evitando así tamén a sobrecarga de esforzos, xunto cunha actualización dos documentos do centro que, á súa vez, deberán tender á funcionalidade, concreción e flexibilidade. Como exemplo desta pretensión, no curso 2024-25 procurárase a **redifinición do modelo de xestión da convivencia**, pois o baixo nivel de conflictividade do centro tendeu a que a maior parte da carga da xestión da mesma estivera soportada por Orientación, a Xefatura de Estudos e a Dirección. Ben é certo que son órganos vitais na xestión da convivencia, pero dende o punto de vista da coordinación, asesoramento e supervisión e non tanto na execución. Así

mesmo, nesta redefinición cabe prestar atención ao deseño de actuacións e instrumentos en prol da prevención dos conflitos entre os iguais máis que á resolución de conflitos se refire.

Nesta mesma liña relativa á organización do centro e co obxectivo último de facilitar a xestión da información e a súa difusión entre o profesorado, tenderase a unha maior **digitalización da documentación do centro**. A prioridade será a documentación relativa á organización de espazos, horarios e grupos da sala do profesorado, así como extensión do uso da aplicación de AbalarBox para o emprego de documentación compartida entre os membros do claustro.

Ao mesmo tempo, e tendo en conta as reflexións do profesorado e a memoria da vicedirección, cómpre mellorar a coordinación entre os departamentos e equipos e coordinacións co fin de chegar a unha oferta máis equilibrada das actividades complementarias. O **Plan de Actividades do centro** caracterízase pola súa diversidade e riqueza, porén é necesario buscar un maior equilibrio, tanto na oferta como na distribución das actividades ao longo do ano.

Noutra orde de cousas, o **profesorado titor** está a ver incrementada a súa carga de tarefas, tando desde un punto de vista burocrático, como na atención directa do alumnado, cada vez máis intensa e que atende a un maior número de dimensións. De aí nace a importancia de reducir a burocracia asociada as funcións do profesorado titor a través da simplificación dos procedementos e da redistribución de tarefas entre o persoal do centro cunha menor carga de traballo.

3. Plans e liñas de actuación

Os plans e as liñas de actuación que seguen a continuación veñen a especificar os obxectivos anteriormente descritos a través de actuacións concretas, observables e medibles para o curso 2024-25. Nas seguintes táboas indícanse varias liñas de actuación para cada un dos obxectivos xerais descritos. A súa vez faise unha previsión da temporalización da actuación, así como indicadores de logro que constituirán os elementos clave da avaliación do presente proxecto. Por outra banda, inclúense tamén os equipos e coordinacións responsables de cada actuación xunto cos recursos que previsiblemente poderá contar o centro para a consecución da liñas propostas. Os plans e liñas de actuación viñan recollidos no proxecto de dirección, e son os recollidos no presente Plan Anual se ben algún deles víronse ampliados ou parcialmente modificados en función das recomendacións, propostas ou iniciativas que contemple a comunidade educativa ou adaptados a unha consecución de obxectivos máis realista².

OBXECTIVO 1. Establecer liñas de actuación que permitan fomentar a mellora dos resultados académicos a partir de cambios nas liñas metodolóxicas na ESO e Bacharelato.

LIÑA DE ACTUACIÓN 1.1. Revisar, valorar os resultados académicos dos últimos catro cursos

Actuacións	Temporalización			Indicadores de logro
	1ºTrim	2ºTrim	3ºTrim	
Revisión e valoración das PD (metodoloxía e avaliación)	X			100% de Departamentos que elaboran unha valoración das PD

² Co sombreado amarelo figuran as actuacións que se manteñen do Plan do curso 2023-24 por non ter sido realizadas; as azuis son actuacións parcialmente modificadas respecto do proxecto de dirección; as verdes son de nova incorporación e os indicadores de logro de cor rosa foron modificados respecto do proxecto inicial.

Valoración dos resultados académicos por Departamentos (datos estadísticos)	X	X	X	100% de Departamentos que achegan a evolución dos datos estadísticos
Elaboración de enquisas para a comunidade docente		X		70% de participantes dos diferentes membros da comunidade educativa
Propostas de mellora: metodolóxica e sistemas de avaliación		X	X	Número de propostas de mellora: 10
RESPONSABLES: Xefaturas de Departamento, CCP, Equipo Directivo				
RECURSOS: Documentos de centro (concreción curricular; Programacións Didácticas); páxina web do centro; Abalar				

LIÑA DE ACTUACIÓN 1.2. Introducir cambios na metodoloxía didáctica, apostando por métodos de aprendizaxes activos e polo desenvolvemento de actividades e proxectos interdisciplinares

Actuacións	Temporalización			Indicadores de logro
	1ºTrim	2ºTrim	3ºTrim	
Solicitud dun PFPP para formación de metodoloxías didácticas activas	X			25% de docentes que participan na formación
Solicitud dun PFPP para a formación en recursos didácticos do centro e o seu aproveitamento: EDIXGAL e Polos Creativos	X			25% de docentes que participan na formación
Deseño e desenvolvemento de proxectos interdisciplinares	X	X	X	40% de materias nas que se levan a cabo proxectos 10% de mellora dos resultados académicos nas materias implicadas nos proxectos Nº de departamentos participantes: 8

RESPONSABLES: Coord. de Formación do Profesorado, Departamentos Didácticos, Equipo Directivo

RECURSOS: CFR de Vigo, EDIXGAL, Unidade Técnica, Polos Creativos, Contratos-Programa (Innova), Plan Proxecta

LIÑA DE ACTUACIÓN 1.3. Revisar e actualizar estratexias de avaliación adaptándoas á nova lexislación vixente (LOMLOE)

Actuacións	Temporalización			Indicadores de logro
	1ºTrim	2ºTrim	3ºTrim	
Actualización de criterios e métodos de avaliación dunha ensinanza por competencias na que se valore a capacidade analítica e interpretativa do alumnado			X	Nº de departamentos que levan a cabo modificacións nas súas PD: 10 15% de redución do alumnado repetidor
Actualización do programa de avaliación de materias pendentes: unificación de criterios e instrumentos de avaliación	X			Actualización do plan 20% de mellora do alumnado que superan materias pendentes respecto de cursos previos

RESPONSABLES: Departamentos Didácticos, Xefatura de Estudos

RECURSOS: PROENS, AbalarBox, Documentos de centro (concreción curricular; Programacións Didácticas), Aula Virtual

OBXECTIVO 2. Procurar a mellora das aprendizaxes e a atención educativa do alumnado que presenta necesidades educativas.
LIÑA DE ACTUACIÓN 2.1. Mellorar a detección e a xestión da información do alumnado con necesidades

Actuacións	Temporalización			Indicadores de logro
	1ºTrim	2ºTrim	3ºTrim	

Establecemento de reunións por equipos docentes antes do inicio das clases no que se traslade información relativa ao alumnado con necesidades (ESO e FPB)	X			80% de alumnado con necesidades ao que se lle aplica algún tipo de medida
Establecemento dunha reunión anual por equipos docentes para analizar a evolución do alumnado con necesidades e introducir propostas didácticas de mellora	X	X	X	60% de alumnado con necesidades que amosan unha mellora dos resultados académicos
Mellora da comunicación coas familias do alumnado NEAE	X	X	X	Definición concreta de estratexias para a mellora da comunicación

RESPONSABLES: Xefatura de estudos, Departamento de Orientación, Profesorado Titor, Equipos docentes

RECURSOS: Documentos de centro (concreción curricular; Programacións Didácticas; Plan de atención á diversidade), Protocolos de atención da Consellería de Educación (TDAH, TEA, Discapacidade intelectual, Altas capacidades).

LIÑA DE ACTUACIÓN 2.2. Valorar os recursos do centro e introducir modificacións que melloren a atención á diversidade

Actuacións	Temporalización			Indicadores de logro
	1ºTrim	2ºTrim	3ºTrim	
Estudo e valoración dos recursos do centro para maximizalos e obter maiores recursos humanos para o alumnado con necesidades		X	X	Nº de horas dispoñibles por departamentos para a atención á diversidade: 20
Valoración da organización curricular por ámbitos no nivel de 1ºESO para o curso 2025/26				Apróbase a organización curricular por ámbitos para 1ºESO no curso 2025/26
Introdución de agrupamentos nas materias instrumentais (LGeL, LGeL e Matemáticas) nos niveis de 1º e 2ºESO				60% de alumnado con necesidades que amosan unha mellora dos resultados académicos 50% de alumnado con necesidades que promociona de 1º a 2º da ESO 50% de redución do alumnado con necesidades que abandona a ESO

RESPONSABLES: Xefatura de estudos, Departamento de Orientación, Departamentos Didácticos

RECURSOS: Documentos de centro (concreción curricular; Programacións Didácticas; Plan de atención á diversidade); EOE; UACO

OBXECTIVO 3. Velar pola existencia dun espazo de igualdade no que sexa visible a concienciación e a prevención da violencia de xénero nas súas múltiples dimensións.

LIÑA DE ACTUACIÓN 3.1. Dinamizar o Equipo de Igualdade e incrementar o seu peso no centro

Actuacións	Temporalización			Indicadores de logro
	1ºTrim	2ºTrim	3ºTrim	
Creación dun espazo específico de reunión para o Equipo de Igualdade			X	Existencia dun espazo de reunión para o Equipo de Igualdade
Configuración de espazos no IES que dean visibilidade ao Equipo de Igualdade e dean fácil acceso a información, bibliografía específica ou literatura sobre o tema	X	X	X	Nº de "puntos violeta" creados no centro: 3 25% de aumento de títulos da Biblioteca do centro centrados na igualdade
Creación dun podcast na radio do centro ("Radio Mocidade") para a creación de debates, entrevistas a especialistas, etc.		X	X	Nº de podcast subidos a "Radio Mocidade": 3 por ano

* Actuacións contempladas no proxecto para o curso 2024-25.

Aumento das iniciativas colaborativas con outros equipos ou coordinacións (EDLG, Equipo de mediación, etc.)	X	X	X	Nº de iniciativas levadas a cabo polo Equipo en colaboración con outras entidades organizativas do centro: 6
RESPONSABLES: Equipo de Igualdade, Equipo de Biblioteca, Equipo de Mediación, EDLG, Equipo de Radio				
RECURSOS: Biblioteca do centro, Polos Creativos, Contratos-Programa (Inclúe)				

LIÑA DE ACTUACIÓN 3.2. Concienciar e mellorar o coñecemento sobre a violencia de xénero con fins preventivos

Actuacións	Temporalización			Indicadores de logro
	1ºTrim	2ºTrim	3ºTrim	
Deseño e desenvolvemento de iniciativas (talleres, proxectos, actividades) vinculadas á igualdade	X	X	X	Nº de Departamentos que desenvolven iniciativas vinculadas á igualdade: 8 70% de alumnado que saben definir estratexias para a loita pola igualdade de xénero 80% de alumnado que sabería identificar síntomas vinculados á violencia de xénero
RESPONSABLES: Equipo de Igualdade, Coord. de Formación do Profesorado, Departamentos Didácticos, profesorado titor				
RECURSOS: CFR de Vigo, Polos Creativos, Contratos-Programa (Inclúe)				

LIÑA DE ACTUACIÓN 3.3. Incrementar a participación con outras entidades especializadas no tema

Actuacións	Temporalización			Indicadores de logro
	1ºTrim	2ºTrim	3ºTrim	
Desenvolvemento de iniciativas coordinadas co Concello de Tomiño para a celebración de días sinalados (8M)		X		Nº de iniciativas levadas a cabo: 1 por ano
Organización de intervencións puntuais que afecten a todos os grupos do centro con especialistas e asociacións relacionadas coa igualdade	X	X	X	50% de aumento de intervencións externas 70% de alumnado que saben definir estratexias para a loita pola igualdade de xénero 80% de alumnado que sabería identificar síntomas vinculados á violencia de xénero
RESPONSABLES: Vicedirección, Equipo de Igualdade, Departamento de Orientación				
RECURSOS: Contratos-Programa (Inclúe), Concello de Tomiño (OMIX), Asociacións e especialistas en igualdade				

OBXECTIVO 4. Mellorar a imaxe corporativa do centro e os medios de comunicación e difusión da vida do centro e a comunicación interna.
LIÑA DE ACTUACIÓN 4.2. Recuperar e dinamizar os medios de comunicación do centro

Actuacións	Temporalización			Indicadores de logro
	1ºTrim	2ºTrim	3ºTrim	
Recuperación da revista do centro en formato dixital (un exemplar por curso)			X	Nº de artigos publicados por ano: 10
Aumento do número de programas e podcast publicados en "Radio Mocidade"	X	X	X	50% de aumento do nº de podcast e programas
Incremento da utilización da Radio como plataforma de difusión das actividades desenvolvidas polos Departamentos	X	X	X	Nº de Departamentos que desenvolven traballos/proxectos na radio: 10
Aumento da presenza das actividades do centro nas redes sociais.	X	X	X	Recuperación da plataforma X: 4 publicacións ao mes

RESPONSABLES: Equipo de Directivo, Equipo de Comunicación

RECURSOS: Documentos do Centro (NOF); Contratos-Programa (Innova)

LIÑA DE ACTUACIÓN 4.3. Reestruturar e rediseñar a páxina web do centro e os contidos a publicar

Actuacións	Temporalización			Indicadores de logro
	1º Trim	2º Trim	3º Trim	
Publicación actualizada dos documentos esenciais do centro	X	X	X	200% de aumento do nº de visitas á páxina web
Publicación actualizada das iniciativas, proxectos, actividades complementarias, extraescolares que se desenvolven dende o centro	X	X	X	

RESPONSABLES: Equipo Directivo, Equipo de Dinamización TIC, Equipo Plan Dixital

RECURSOS: Páxina web do centro; Contratos-Programa (Innova), Plan Dixital

LIÑA DE ACTUACIÓN 4.4. Dixitalizar a xestión da información do centro

Actuacións	Temporalización			Indicadores de logro
	1º Trim	2º Trim	3º Trim	
Diversificación do uso da aplicación AbalarBox	X	X	X	Uso da aplicación para documentos compartidos: plan de pendentes, xestión de gardas, calendarios, avaliacións, etc.
Dixitalización dos libros de horarios, grupos, espazos e xestión de gardas da sala do profesorado	X	X	X	Establecemento dun dispositivo electrónico para a xestión da información de horarios, espazos, grupos e gardas.
Xestión das ausencias do alumnado para o profesorado de garda	X	X	X	Dixitalízase a xestión das ausencias do alumnado por parte do profesorado de garda

RESPONSABLES: Equipo Directivo, Equipo de Dinamización TIC, Equipo Plan Dixital

RECURSOS: Páxina web do centro; Contratos-Programa (Innova), Plan Dixital, AbalarBox

OBXECTIVO 5. Fomentar a educación emocional como parte esencial a ter en conta no proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado

LIÑA DE ACTUACIÓN 5.1. Aumentar a formación e as estratexias do Profesorado na educación emocional

Actuacións	Temporalización			Indicadores de logro
	1º Trim	2º Trim	3º Trim	
Continuidade do PFPP centrado en educación emocional	X			25% de profesorado implicado
Adquisición de bibliografía específica en educación emocional por parte da Biblioteca	X	X	X	50% de aumento de títulos centrados na Educación Emocional
Desenvolvemento de iniciativas relacionadas coa educación emocional levadas a cabo polo profesorado co alumnado		X	X	40% de profesorado implicado

RESPONSABLES: Dirección, Coordinador/a de Benestar Emocional, Departamentos Didácticos

RECURSOS: CFR de Vigo; Contratos-Programa (Inclúe); Programa de Benestar Emocional

LIÑA DE ACTUACIÓN 5.2. Configurar e consolidar "Febreiro: mes das emocións" como un tempo no que no centro a Educación Emocional sexa o centro das actividades complementarias e didácticas

Actuacións	Temporalización	Indicadores de logro

	1ºTrim	2ºTrim	3ºTrim	
Deseño e preparación das iniciativas	X	X		60% de profesorado implicado Nº de intervencións levadas a cabo por entidades ou especialistas en educación emocional por ano: 3 100% de alumnado que melloran o seu vocabulario emocional 100% de alumnado que é capaz de interpretar emocións propias e alleas 70% de alumnado que é capaz de definir estratexias para a xestión das emocións 30% de familias que participan nas iniciativas
Deseño de tarefas ligadas á educación emocional a desenvolver dende as titorías	X	X		
Deseño e aplicación de pequenas iniciativas, tarefas e/ou traballos para traballar as emocións dende as diferentes disciplinas		X		
Organización de intervencións puntuais que afecten a todos os grupos do centro con especialistas e asociacións relacionadas coa educación emocional				
Promoción da educación emocional natural con animais para unha mellora da xestión do estrés e a frustración entre o alumnado de FPB				
Desenvolvemento de iniciativas nas que participen as familias				
RESPONSABLES: Dirección, Coordinador/a de Benestar Emocional, Responsable de Convivencia, Profesorado Titor, Departamentos Didácticos				
RECURSOS: Contratos-Programa (Inclúe); Programa de Benestar Emocional, Entidades especializadas				

OBXECTIVO 6. Dinamizar e aumentar a presenza e a visibilización do centro do Ciclo Medio de Electrónica

LIÑA DE ACTUACIÓN 6.2. Introducir cambios na metodoloxía didáctica do Ciclo Medio de Electrónica

Actuacións	Temporalización			Indicadores de logro
	1ºTrim	2ºTrim	3ºTrim	
Aplicación das propostas didácticas de mellora*		X	X	Nº de propostas aplicadas: 5 80% do alumnado mellora os seus resultados académicos
Participación dos módulos específicos do ciclo en iniciativas e proxectos interdisciplinares do centro	X	X	X	Nº de proxectos nos que participa o departamento de electrónica: 4 por curso
Desenvolvemento de iniciativas didácticas en colaboración con empresas do entorno		X	X	Nº de iniciativas: 1 por curso
RESPONSABLES: Departamento de Electrónica, Departamentos Didácticos, Resp. Aula de Emprendemento				
RECURSOS: Documentos de centro (concreción curricular; Programacións Didácticas); Polos Creativos, Contratos-Programa (Innova), Plan Proxecta, Aula de Emprendemento				

LIÑA DE ACTUACIÓN 6.3. Incrementar a visibilidade do Ciclo de Electrónica

Actuacións	Temporalización			Indicadores de logro
	1ºTrim	2ºTrim	3ºTrim	
Preparación de sesións explicativas do Ciclo (módulos, espazos e saídas profesionais) por parte do alumnado aos grupos de 4ºESO*			X	100% de alumnado que coñece o CM de electrónica do centro 80% de familias que coñecen as actividades desenvolvidas polo Ciclo
Visibilización das tarefas levadas a cabo polo alumnado do ciclo no centro: reparacións, mantemento, xestión do equipo de son e radio.	X	X	X	70% de aumento de alumnado do centro que decide estudar o ciclo 100% de aumento do número de
Difusión das tarefas desenvolvidas polo alumnado no desenvolvemento da FCT			X	matrículas no ciclo.

Diversificación dos centros de traballo		X		Novas empresas vinculadas ao centro:
RESPONSABLES: Departamento de Electrónica, Equipo de Comunicación, Equipo de Dinamización TIC, Coordinador/a FCT, Resp. Aula de Emprendemento				
RECURSOS: Páxina web do centro, Polos Creativos, Radio Mocidade, Aula de Emprendemento				

O proxecto de dirección enténdese como un documento flexible e vivo, de aí as adaptacións e modificacións das actuacións descritas nas táboas. Así mesmo, en funcións das necesidades detectadas no curso 2023-24 recolléronse novos obxectivos que aparecen definidos no punto 2 do presente plan, polo que para procurar a súa consecución defínense as seguintes actuacións:

LIÑA DE ACTUACIÓN A.1. Simplificar e reducir a carga de traballo burocrático do profesorado titor				
Actuacións	Temporalización			Indicadores de logro
	1ºTrim	2ºTrim	3ºTrim	
Simplificación da documentación e informes	X			Unificación da documentación inicial do alumnado NEAE
Redistribución de tarefas burocráticas vinculadas ao profesorado titor	X	X	X	Nº de tarefas derivadas ao persoal de administración: 2
RESPONSABLES: Xefatura de Estudos, Secretaría e Departamento de Orientación				
RECURSOS: Documentos do centro (Plan de Acción tutorial), AbalarBox				

LIÑA DE ACTUACIÓN A.2. Reformar e crear estruturas para a xestión da convivencia				
Actuacións	Temporalización			Indicadores de logro
	1ºTrim	2ºTrim	3ºTrim	
Solicitude dun PFPP especializado na xestión da convivencia	X			25% de profesorado implicado
Recuperación do Equipo de Mediación		X	X	Nº de alumnos e alumnas formados en mediación: 10
Revisión do actual Plan de Convivencia do centro				Nº de propostas para a reforma do Plan de Convivencia: 10
Reflexión de necesidades no ámbito da convivencia para a xeración de novas estruturas.				
RESPONSABLES: Dirección, Xefatura de Estudos, Departamento de Orientación e Equipo de Mediación				
RECURSOS: Documentos do centro (Plan de Convivencia), CFR de Vigo, Contratos-Programa (ConviveT)				

LIÑA DE ACTUACIÓN A.3. Equilibrar e coordinar o Plan de Actividades do Centro				
Actuacións	Temporalización			Indicadores de logro
	1ºTrim	2ºTrim	3ºTrim	
Incremento das actividades interdisciplinares	X			Realización dunha reunión de coordinación inicial entre os departamentos % de aumento das actividades interdisciplinares: 50
Racionalización das distribución das actividades		X	X	Confección dun calendario compatible coas actividades académicas Coordinación entre o Departamento de Orientación e os Equipos e Coordinacións



XUNTA
DE GALICIA

INSTITUTO EDUCACIÓN
SECUNDARIA
ANTÓN ALONSO RÍOS



FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE invirte no teu futuro"

UNIÓN EUROPEA

RESPONSABLES: Vicedirección, Departamentos Didácticos e Coordinacións

RECURSOS: Documentos do centro (Concreción Curricular), Contratos-Programa (Inclúe e Innova), AbalarBox